

PREGUNTA DE AER SOBRE A VARIOS ASUNTOS (Rex. Entrada 30.05.2018, 2018-E-RE-711).

PLENO 07 XUÑO 2018. ACTA 08/2018

O Sr. Javier Bastos dá lectura das seguintes preguntas:

1. Sobre a reforma do parque infantil do Salgueiral. O goberno local ten a intención de remodelar o parque infantil do Salgueiral, parque xa remodelado no ano 2013, coa idea de eliminar o chan de area por un sintético. Sendo este o único parque da vila que conta con chan de area, existindo numerosos usuarios que valoran que así sexa e dando a posibilidade de que cativas e cativos poidan xogar descalzos aproveitando este tipo de chan, PREGUNTAMOS:

Consultouse cos usuarios e coa veciñanza potencialmente usuaria da zona as preferencias respecto ao tipo de chan do parque infantil do salgueiral? Finalmente realizarase un cambio por chan sintético?

Resposta Sra. Barciela: cando se reformaron os parques da Xunqueira e estes de aquí, se demandou de arranxar aquel. Non hai xente suficiente nos parques. Falouse coa xente pero as preferencias cambiaron, a xente non hai quen a entenda.